




O REGO DA ARMENTEIRA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 6 km (lineal). Pódese facer por tramos.
Dificultade: media.



O Rego da Armenteira é un afluente do Umia que baixa da aba oeste do Castrove ata Ribadumia. Pouco antes de se xuntar co Umia recibe ao rego de San Salvador. Unha ruta acondicionada de 6 km permite percorrelo desde o punto de información turística de Ribadumia ata o mosteiro da Armenteira.

A primeira metade da ruta, ata Couso, é de dificultade baixa. O último tramo ten máis pendente.

É unha ruta na que podemos gozar de pequenas fervezas, especialmente no tramo alto, bosques de ribeira, gran diversidade de flora e fauna, numerosos muiños, lavadoiros e pontes.



Cabriña (*Davalia canariensis*)



Cabalo do demo, gaiteiro (*Calopteryx haemorrhoidalis*)

